

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Ramón Martínez López, a Valentín Paz-Andrade do
00/00/1936

Colección:

Data: 00/00/1936

De:

Ramón Martínez López;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:]

Localización física:Arquivo familiar Paz Andrade

Temáticas:

Artes; Conferencias; Literatura; Literatura galega;

Mencionados:

Aurelio Aguirre; Uxío Carré Aldao; Rosalía de Castro; Manuel Murguía; Eduardo Pondal;

Notas do editor:

Inclúe: Autógrafo de Antolín Faraldo Asorey e notas manuscritas de Ramón Martínez López



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Martínez López, a Valentín Paz-Andrade do 00/00/1936

Santiago [1936]

Meu amigo Valentín:

Rescebín a tua. Pareceme moi ben que te ocupes de duas das persoas mais siñificativas do noso dazanove grande e sin estudar aínda. Tuvestes sorte en dirixirte a min en procura de datos pois é probable que che poda facilitar datos que eu soio poseo. Pol-o de pronto ahí che van de Faraldo o que atopei no meu arquivio caseiro. O expediente e firma e... todo esta inédito (podese dicir así pois os artigos periodísticos...). Pero ó que me refería denantes era ó periódico (descúbrete) El Porvenir do que son o único poseedor, que llo teño prestado a D. Salvador e que tan pronto como veña este de Madride (o sábado ou domingo) che mandarei, sempre que me des a tua mais valorada palabra de honor de que mo coidaras (os nos que se publicaron teños todos) como si fora eu mesmo ou aínda millor. De Aguirre teño tamén Corona funebre a Aurelio Aguirre feita polos poetas e escritores da época –Rosalía, Pondal, etc- que da moitos datos da vida de il... Dime si a tes, e si non mándochá. Teño tamén (e me parez que duplicadas) a súa colección de poesías (faltan un ou dous pliegos).

De Faraldo e Aguirre fala bastante Murguía nós Precursores, Bibl. Gallega da Cruña de M. Salazar, T. I (si non o tes mándochá eu que o teño). Tettamanci en H^a de la Revolución Gallega de 1846, e Carré nunha das súas obras (non me acordo agora cal é) de Literatura Gallega (Me parece que a hai no C. Mercantil de Vigo).

De Aguirre hai un artigo publicado na Ilustración Gallega y Asturiana (tes esta obra completa na redacción do P. Gallego no despacho de Angulo na librería abaixo, en rustica e postos verdes de papel) e outro que me parece unha tontería pero que tes que mirar por si acaso na [illegible] de N. Correal.

De Faraldo, debes escribir a Betanzos ao cura que che mande a p. de nacemento e che poña en comunicación cos descendentes (constame que os hai e un deles é o autor do artigo do Compostelano) que che pode dar moitos datos. Si atopo algo máis xa cho direi pero coido que como o teu traballo máis ben que un traballo erudito será unha visión do noso dazanove a través de Faraldo, Aguirre e Añón pode ser que te abonde co estes datos.

Non che convirían datos do ambiente cultural e político de Galicia nos anos de estes homes? Podes facer unha cousa bonita, bonita, de estampa integral da Galicia de aqueles anos. Si esto fas eu che podó proporcionar moitos datos por ser unha das miñas chifladuras o periodismo e a cultura do XIX.

Boeno, abonda. Xa me estou entusiasmando demais. Miña fonda e cordial embora pol-a tua conferencia en Madrid. Pareceume xunta coa de Otero (non sei se a deu pero sei de que vai falar) as cousas cousas serias, as únicas cousas finas de esa serie de conversas. Si escribes a Fernando dille... o que queiras pois non quero caer na cursilería de encargarte abrazos, recordos, etc.

O que si che ei de agradecer e que si podes te enteres de si certo desconto que das permanencias se nos facía todol-os meses para o Bibliotecario se reintegraron os catedráticos e si ese é o caso que fagan o favor de mandarme o meu. Esto pregoche o fagas con toda a diplomacia

diplomática de un embaixador italiano.

Non estou aínda en Boiro senon en Santiago e aínda estarei bastante tempo.

Espero as tuas novas

Ramón

Fte. De San Miguel, nº 1-2º, ou mais seguro

Seminario de Estudos Galegos

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.